

IES MUGARDOS	IES de Mugardos. Departamento de XEOGRAFÍA E HISTORIA		4.º ESO 2016 - 2017
	MATERIA	XEOGRAFÍA E HISTORIA	
	PROFESOR/A	DAVID MARTÍNEZ MILLÁN	

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

A Crise do Antigo Réxime. Nesta unidade estudaremos todo o referente ao Antigo Réxime en Europa e España
Revolucións Liberais e Nacionalismos Neste tema centrarémonos nas distintas revolucións de corte liberal que xurdiron en Europa e América, ademais de aprender a xenese dos Nacionalismos.

A Revolución Industrial e os cambios sociais Este tema está adicado o desenvolvemento urbano da Industrialización no século XVIII-XIX e a súas posteriores consecuencias sociais.

España no século XIX A unidade desenvolverá os distintos aspectos e acontecementos da España e a Galicia decimonónica

2.ª AVALIACIÓN

O Imperialismo, guerra e revolución. Neste tema abordarase o desenvolvemento histórico a nivel internacional dende a segunda metade do XIX, pasando pola Guerra Mundial e rematando coa Revolucións Rusas.

O mundo entreguerras. Neste tema traballaremos os anos 20, crise do 29 e o ascenso de totalitarismos en Europa

A II Guerra Mundial .Profundizarase na unidade todo o referido a II GMundial.

España: da crise do 98 á Guerra Civil. O punto de inicio da unidade será o desastre do 98, e as posteriores consecuencias que desembocaran na Guerra Civil do 1936

3.ª AVALIACIÓN

Guerra Fría. Unidade que destacará polo detallado análise do que foi a Guerra Fría e como afectou o poder das dúas Superpotencias Mundiais, EEUU e URSS

Descolonización e Terceiro Mundo. O obxecto de estudo deste tema e facer fincapé no proceso descolonizador de ÁFRICA e ASIA e aparición do Terceiro Mundo

O mundo desde 1945 ata actualidade. Tema no que se fará breve análise da situación mundial dende o final da II GM ata o século XXI.

España: da Ditadura á Democracia. Última unidade do curso onde se abordará a ditadura Franquista e a chegada da Democracia ao noso país e Galicia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	10 %	
Conceptos e procedementos	Probas escritas	70 %
	Traballos/Proxectos	20 %
	Lecturas	NON HAI

Curso no que teremos en conta a novidade da REVÁLIDA

Actitude, falamos de un comportamento axeitado e non disruptivo, un respecto polo grupo e o profesor, tendo en conta ao mesmo tempo as faltas de asistencia e as de puntualidade non xustificadas. **Conceptos e procedementos**, referimos a actividades na aula, con exames (dous por avaliación coma mínimo) e traballos que irán realizando ao longo do curso.

Todo o dito anteriormente queda suxeito a práctica docente co cal pode haber algún cambio no devenir das avaliacións.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL Hora de Ler: Si/Non Lerase documentos, e fragmentos do libro de texto.

TIC Potenciar a creación de vídeos por parte dos alumnos. Potenciar a análise de fontes de información na Rede. Empregar programas e páxinas multimedia na aula. Ensaiar metodoloxías de ensino a través de blogs e redes sociais. Recomendar páxinas web.

-Asesorar nunha correcta utilización da Rede como fonte de información. Asesorar nun correcto uso de programas como Power Point ou similares. -Aproveitar a Rede para realizar actividades a distancia con outros centros/institucións. Axilizar o contacto e o feedback colgando na Rede material realizado polos alumnos, exames, comentarios, etc.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...